



1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	PRÁCTICAS DE ESCENIFICACIÓN / DRAMATURXIA
DISCIPLINA	Prácticas de Dirección de Escena
TITULACIÓN	Titulación en Arte Dramática
ESPECIALIDADE	Dirección escénica e Dramaturxia
ITINERARIO	Dirección escénica
CURSO	3 (2º Cuadrimestre)
CRÉDITOS ECTS	10 (8 Dirección escénica, 2 Dramaturxia)
CARÁCTER	Obrigatorio
DEPARTAMENTO	Dirección Escénica e Dramaturxia.
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	
DOCENTES	Nome e apelidos: Irene Moreira Fontán Horario de titorías: www.esadgalicia.com/glg/profesorado.php?id=2&tit=Titor%EDas Despacho: Dirección de Escena e Dramaturxia Contacto: irenemoreirafontan@gmail.com
	Nome e apelidos: Joan Giralt Bailach Horario de titorías: www.esadgalicia.com/glg/profesorado.php?id=2&tit=Titor%EDas Despacho: Contacto: joangiraltbailach@edu.xunta.es
DESCRICIÓN	Integración das linguaxes, procedementos e saberes adquiridos na práctica da creación espectacular para conseguir transmitir ao/á espectadora as sensacións, emoción e o sentido da creación escénica. Análise práctica do texto dramático e/ou partitura dramática. Práctica dos procesos creativos da construción do sentido nos efectos da recepción. Experimentación do método de traballo.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Contidos da materia Prácticas de escenificación e Dirección de actores Dramaturxia II
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T10	Liderar e xestionar grupos de traballo.
T11	Desenvolver na práctica profesional unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara á diversidade.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	



X2	Comprender psicolóxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas; desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose aos demais e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo.
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DE ESPECIALIDADE	
ED1	Concibir propostas escénicas que fundamentan o espectáculo, xerando e analizando conceptos, textos e imaxes e valorando as súas propiedades representativas e a súa calidade estética.
ED2	Proxectar a composición do espectáculo, utilizando todos os coñecementos estéticos e técnicos necesarios sobre as diferentes linguaxes e códigos que participan na representación.
ED3	Planificar e conducir o proceso xeral de creación do espectáculo, aplicando a metodoloxía de traballo pertinente.
ED5	Estudar para concibir e fundamentar o proceso creativo persoal tanto no que se refire á metodoloxía de traballo como á renovación estética.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Utilizar os elementos escénicos para transmitir unha lectura concreta dunha posta en escena.	T11, T13, X3, X5, X6, ED2,
2. Estructurar a narratividade dunha peza escénica.	T11, X3, X5, ED1
3. Identificar os principios da composición de imaxes no escenario e poñer en práctica as súas posibilidades narrativas.	X3, ED1, ED2, ED5
4. Dirixir a interacción do actor co resto de linguaxes escénicas.	T7, T10, X2, ED2, ED3
5. Dirixir unha peza de mediana duración, pasando por todos os pasos do proceso.	T7, T10, T11, T13, X2, X5, ED2, ED3, ED5
6. Construír un discurso escénico intelixible que permita articular a dirección da atención do espectador	T11, X2, X3, ED3,
7. Formular a idea dramaturxica dunha peza a escenificar.	T7. X2. ED1. ED5.
8. Recoller materiais documentais para o traballo dramaturxico e escénico.	T11. X6. ED2.
9. Compoñer a dramaturxia da peza a escenificar.	T13. X3. ED3.

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS



1. Claves dramáticas da escenificación.	1.1. Presupostos e intencións. Puntos de partida e puntos de chegada. A escolla de texto. 1.2. Das lecturas posibles á lectura persoal. A idea central e o sentido dramático. 1.3. Documentación e investigación: materias textuais, visuais e sonoras.	7
2. Traballo da estrutura dramática.	2.1. Selección. secuenciación e ordenación das accións. 2.2. Análise inductiva. 2.3. Dramaturxia da recepción.	8
3. Intervencións dramáticas.	3.1. Intervencións na estrutura e na trama, xénero e estilo. 3.2. Intervencións respecto aos actuantes, personaxes ou figuras. 3.3. Intervencións textuais: adaptacións, traducións, reescritas...	15
4. O traballo dramático alén da análise	4.1 A creación colaborativa (devised theatre). 4.2 As dramáticas performativas. 4.3 Post-dramáticas: visual, virtual, dixital.	15
5. Composición escénica	5.1 Principios compositivos. 5.1.1 Harmonía e contraste. 5.1.2 Desenvolvemento dramático 5.2 A lectura do espazo escénico. 5.2.1 Segmentación. 5.2.2 Focos de atención	8
6. O movemento no escenario	6.1 Os desprazamentos: dirección, continuidade, tensión, ritmo. 6.2 Proxémica e quinésica 6.3 O movemento dos actores ao servizo da acción.	3
7. Traballo en equipo	7.1 Comunicación cos /as integrantes do equipo artístico (escenógrafo/a, iluminador/a, actor/actriz, etc.) 7.2 A integración das linguaxes escénicas non actorais ao servizo dunha dramaturxia e posta en escena concreta	10
8. O itinerario da acción para o espectador/a.	8.1 A mirada do espectador/espectadora. 8.2 A creación de focos de atención.	2
9. Os ensaios	9.1 A dirección de actores/actrices 9.2 A incorporación e o tratamento dos elementos escénicos non actorais. 9.3 A mirada do director. Ética e estética.	108
10. Caderno de escenificación	10.1 Proposta dramática. 10.2 Proposta escénica. 10.3 Diario de traballo.	4
TOTAL SESIÓNS		180

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE

Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introductorias			
Exposición maxistral			



Exposición práctico-teórica	42	5	47
Práctica individual	130	85	215
Práctica colectiva			
Obradoiro			
Seminarios			
Actividades complementarias		20	20
Outros			
Titorías individuais	8		8
Titorías de grupo			
Actividades de avaliación. Probas			
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	8	2	10
Actividades de avaliación. Revisión			
TOTAL	188	112	300

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Exposición práctico-teórica	Exposición de contidos con exemplos e exercicios prácticos e posterior reflexión dos elementos traballados.
Práctica individual de escenificación	Dirección dunha peza curta ou escena dunha duración media (35-45minutos) seguimento individual do docente, crítica construtiva, comentarios durante o traballo e a posteriori.
Práctica individual de dramaturxia	Análise e composición dramaturxicas da peza a dirixir.

7. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

7.1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Traballo dramaturxico	T11, T13, X3, X5, ED1, ED2, ED5	20,00%
Caderno de escenificación	T11, T13, X2, X3, X5, X6, ED1, ED2, ED5	30,00%
Práctica de dirección de escena	T7, T10, T11, T13, X2, X3, X5, X6, ED1, ED2, ED3	50,00%

7.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Traballo dramaturxico	T11, T13, X3, X5, ED1, ED2, ED5	20,00%
Caderno de escenificación	T11, T13, X2, X3, X5, X6, ED1, ED2, ED5	30,00%
Práctica de dirección de escena	T7, T10, T11, T13, X2, X3, X5, X6, ED1, ED2, ED3	50,00%

7.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
-------------------------	------------------------	-------------



Traballo dramaturxico	T11, T13, X3, X5, ED1, ED2, ED5	20,00%
Caderno escenificación	T11, T13, X2, X3, X5, X6, ED1, ED2 ED5	30,00%
Presentación escénica dunha peza curta o escena (40m aprox). Defensa oral do caderno de escenificación.	T7, T10, T11, T13, X2, X3, X5, X6, ED1, ED2, ED3	50,00%

8. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

Referencias básicas

- ARNHEIM, Rudolf (2005): *Arte y percepción visual*. Madrid. Ed. Alianza.
- BECERRA DE BECERREÁ, Afonso (2007): *Dramaturxia. Teoría e practica*, Vigo, Galaxia.
- DONDIS, Donis A. (2006): *La sintaxis de la imagen*. Barcelona. Gustavo Gili.
- LAVANDIER, Yves (2003): *La dramaturgia. Los mecanismos del relato: cine, teatro, ópera, radio, televisión, cómic*, Madrid, Ediciones Internacionales Universitarias.
- MELENDRES, Jaume (2000): *La dirección de los actores. Diccionario mínimo*, Madrid, Publicaciones de la ADE.
- MARTINEZ Paramio, Agapito (2006): *Cuaderno de Dirección Teatral*. Madrid. Ed. Ñaque.
- PAVIS, Patrice (2011): *Le théâtre contemporaine*. París. Armand Colin.
- RYNGAERT e SERMON (2012): *Théâtre du XXIè siècle*. París. Armand Colin.
- SALGADO, Dani (2006): *A dirección de actores*, Vigo, Galaxia.
- WESTON, Judith (2004): *La dirección de actores*. Oroso. A Coruña. Fluir Ediciones.

Cada proxecto segundo as súas características terá a súa bibliografía específica.

Referencias complementarias

- CHEJOV, Michael (2006): *Lecciones para el actor profesional*. Barcelona. Alba Editorial.
- DONNELLAN, Declan (2004): *El actor y la diana*. Madrid. Editorial Fundamentos.
- GROTOWSKI, Jerry (1999): *Hacia un teatro pobre*. Madrid. Siglo XXI Editores.
- HODGE, Alison (Ed) (2003): *Teoría e práctica da interpretación*. Vigo. Ed. Galaxia.
- KNÉBEL, Maria Osipovna (1999): *El último Stanislavski*, Madrid, Fundamentos.

9. OBSERVACIÓN



A falta de asistencia a clase de máis do 10% do horario lectivo desta materia suporá a perda da avaliación continua. Todo retraso na hora de entrada na aula será contabilizado tamén como falta de asistencia.

Xa que **a lingua na que se deberán desenvolver todas as actividades da materia será a lingua galega**, o alumnado con dificultades na mesma deberá recorrer ás titorías para que o docente lle indique as pautas a seguir de cara ao axeitado aproveitamento do curso.

Para a asistencia a titorías débese falar previamente co docente co fin de pactar o día e a hora do encontro. Tamén se pode concertar a titoría enviando unha petición ao profesor por correo electrónico. Será respostada tamén por correo electrónico, indicándose o día e a hora da titoría.

O texto escollido a traballar na disciplina **será pactado cos docentes** da mesma. En ningún caso se aceptará un traballo que non cumpra este requisito.

Para superar a materia hai que **aprobar todos** os apartados da avaliación.

O alumnado que se presente aos **exames das convocatorias ordinaria ou extraordinaria** deberá **contactar previamente co docente** da materia, co fin de poder organizar a sesión debidamente e acordar os traballos a presentar.

O alumnado terá que conseguir os actores cos que traballará a dirección da escena ou peza curta.